


Núm. 47

15-11-27

r.o.s



CASTELLÁ



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 .
Número solto	0'70 .

Este boletín non publicará mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

NOTA

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

O Chasco e o Pimpín, POR ANTÓN ZAPATA GARCÍA.

Prehistoria e Folklore da Barbanza, POR FLORENTINO L. CUEVILLAS E F. BOUZA BREY.

Poemas, POR EUXENIO MONTES.

Catálogo dos Castros Galegos, da Seizón de Prehistoria do S. E. G.

A meu tio, quixéron-o roubar, POR MAGARIÑOS NEGREIRA.

Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.^o

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX ★

Ourense 15 Santos 1927

★

Núm. 47

O CHASCO E O PIMPÍN

(LÉNDA INXÉNOA)

*Por decil-a verddá, — zonh, probas chascos!—
os grandes derrécaus os ninos,
namentres que os pimpins, os barallocas,
son santos paxaritos
pra quem, en vez de socas,
deberan levar cascós!...*

I

Ó crarexar o dia
pol-os agros e montes de Xudea,
unha hoste de románs xuramentaba
e, sin dô, degolaba
os nenos d'unha aldea
á cal prendera lume
por mor do bô rabin que non dicía
—coma era seu costume—
qué congostra ou camiño
pillara, o trasantonte, unha parella,
nin moi moza nin vella.
que levaba un neníño,
fuxíndolle ó decreto
do rei Herodes contra o rei do Gueto!

Aquel fato de lobos, onbeante,
collío campo adiante,
sin importarlle as mdgoas
das anguriadas nais que, salaiando,
debruzábanse sóbor dos despollos
dos filliños —!legria dos seus ollos!—
mentras s'fan queimando
casas e alpendres, como accesas frágooas!

Ó pé d'unha regueira
que sulcaba á campía
e, leda e cantareira,
facía brandear ás espadanas
e os bimbios que tiña pol-a beira,
os lobos sin entranas,
botáronse a folgar da valentía
que fixeran tan cedo,
e a rírse dos pucheiros que faría
o Neno - Deus, cô medo,
se as pontas calquer d'elos lle pôrla!

II

Enriña d-un valado,
inquedo, aluburado,
—ó vér pol-a bisbarra tanta fera
coma n-ollara dende que nacera—
ceibaba os seus dousilabos un chasco
e mesmo s-alritaba que unha choça,
pois alcontrou un fiasco
pr'a costume decote n-as mencidas:
¡Encol do arró, o qué ía por miñoca,
fixeran unha tenda os enfancidas!...

*Un d'elos, o mais bêbedo,
—infando de checheza
e, de triganza, lêvedo—
ó chasco perguntoulle n'esta moda:
—¿Non viches, paxariño,
unha muller e un home, c-un meniño,
ir fuxindo sin coido da beleza
—com a outra n-haberá na terra toda—
que ten a nazón tua.
dende o lîreo lançal á branca lúa?
E dixolle o paxaro
ó fachendoso inaro,
revirando os ollíños car-atrás:
—¡Chas... chas...
por eli ben vas!...*

III

*Desque o chasco dixéralle ó rifeiro
qué camiño pillaran
os santos fuxetivos,
non ficaba congostra nún vieiro
que, os lobicáns cativos,
—cál se lles dera a onda—
sin cachear deixaran
por todal-a redonda.
Xa causas de buscal-os
e deducindo a espranza de atopal-os,
virbúselles a sorte:
Ó enfiar unha estrada
que morría ó nacer d'unha encruzada,
—a da vida e da morte,
prós cónxogues e o neno!—
sentiron un restalo
como de garabullos que se pisau
ou, c-o vento, se trisan,
e viron a pasada
d-un pé sangueniloso, moi pequeno,
carón d-outras, de burro ou de cabalo.*

*A serán xa morría
o mesmo que un amor de un morto idilo,
ó son vagaridoce dos piñeiros*

*cando os aspros guerreiros
—maldecindo da sorte de María,
do neno, de Xosé
e da terra que ampare ós tres no esilo—
dérion co-a crus da T
na que a estrada finia
—¡tal un Réquiem en Pace!—
mais, cheos de vinganza,
infatounos a espranza
d-alcontral-os, denantes que escurase...
Rubeosos, dubidando
coller car-a sinistra
ou pillar car-a destra,
ollaron un pimpín que, revoando,
ta e viña piando
pol-a banda dereita do camiño
e pousábase, logo, encol d-un fento.
E dixolle o inaro
ó rebuldón paxaro:
—¿Non viches, paxariño,
fuxir, car-a algún vento,
unha muller e un home, c-un meniño,
e, con eles, un faco ou un xumento?
O pimpín, dando un voio,
foi pousarse n-un croio,
respostando ó ríante golopín:
—Pin... pin...
¡por eiquí non vin!...*

IV

*Cando as vongas noitebregas baixaban
en ringlas medoñentas do infinito,
xa os soldados de Herodes acougaban
da xornada asesiña;
e, camiño de Exito,
—con angurioso apurro—
a triada diviña,
vdi camiña... camiña...
¡san e salva cō burro!...*

*A. ZAPATA GARCÍA
Bols Aires, 1927.*



Prehistoria e Folklore da Barbanza

(Proseguimento)

A ANTA E AS INSULTURAS DE AXEITOS

(véxase n.º 3 no mapa)

A ANTA.—Chámanlle no país a *Pedra do Mouro* i-érguese na freguesía de Oleiros á menos de 1 kilómetro do lugar de Axeitos i-en un terreno de propiedade particular, destiñado en parte a millareira. O lugar onde está emprazado o megalito andaba a poua cando nós o visitamos.

É sen dúbida iste dólmen un dos citados por Sarmiento como esistentes perto do lugar de Bretal, e de il fixo Murguía a descripción:



FIG. 3

zón seguinte: «está formado por tres grandes losas, que hacia su último tercio se estrechan acabando en punta, y dejando por lo mismo dos aberturas. Por la parte exterior se hallan otras piedras de menores dimensiones que las cubren, pero no llegan sinó hasta donde las principales empiezan a separarse. »No artigo» Anta e pedro grabado de Oleiros» de que xa falamos, faise tamén referencia a iste monumento.

A anta de Axeitos, a millor conservada de toda a Barbanza, é un dólmen de forma sencilla, construído con pedra de grá, e que pre-

senta fortes indizos de haber tido un comenzao de corredor, e que conserva *in situ* a sua correspondente tampa (fig. 3) (1). A cámara, de planta poligonal (fig. 4) e cuio diámetro máisimo chega perto dos tres metros e meio, áchase cinguida por sete esteios ou chantas que teñen o ancho seguinte: *a*, 2'10 metros; *b*, 1'77; *c*, 1'42; *d*, 2'15; *e*, 1'60; *f*, 1'98; e *g*, 1'20.

A colocación dos esteios é unha das mais correntes nos megalitos de feitura sencilla. A pedra que fai a cabeceira, que n-iste caso como ordinariamente, é a meirande, alcóntrase imbrincada pol-as duas colaterales e istas pol-as seguintes que a sua vez o son pol-as duas que flanquean a entrada ou porta que ten 1 metro de ancho. Dólmens de feito semellante non fallan na Galiza (Dombate, dólmen con inizio de corredor da serra do Laboreiro, dólmen n.º 2 das Maus de Salas), nin no norte de Portugal (sepulturas números, 1 e 2 de Carrazeda de Alvão, Tras os Montes) alcontrándose tamén na Cataluña (Font del Roure, Espolla), e ainda o mesmo tipo costrutivo óllase excepcionalmente en sepulturas megalíticas portuguesas de formas evoluzoadas como acontez na de corredor longo da Mamaltar do Vale de Facha (Vizeu).

A tampa feita de unha soia laxa de traza tendente a circular, ten 5 metros de diámetro máisimo e apoiase únicamente nos dous esteios da entrada e no da cabeceira, cuia outura é de 2'10 metros dende o chan do interior da cámara, medindo as outras catro chantas, que non chegan a tocar a coberta de 1'65 a 1'40 metros. Ista forma de sustentación da tampa é corrente nas construzóns

(1) Debemos ista fotografía así mesmo a da poneda inscrita, a amabilidade do noso vello amigo Ramón Sobrino Buhigas.

dólménicas mais e verdadeiramente excepcional en troques, a grande diferenza que se observa na outura dos esteios.

Recurriu Murguía pra espricar iste feito, a un pasaxe de Jehan en que se espón a tan conocida teoría, apricada principalmente ós esteios furados, da necesidade de deixar saída ás almas dos mortos enterrados nos dólmens, mais coidamos que no caso que nos ocupa, tal espricación é pouco satisfactoria e que aquela desigualdade debe apôrse escrusivamente a unha certadespreocupazón arquitectónica dos costrutores que os levou a aproveitar laxas xa desprendidas, ou que se




FIG. 4.—ANTA DE AXEITOS

alcontraban perto do lugar onde se ergueu o monumento, sen fixarse no seu diferente grandor.

Na banda esquerda da entrada, óllase fundamentalmente espetada no chan unha pedra de 72 centímetros de longo, e unha migia mais lonxe e na banda da direita alcóntrase outra de noventa e dous centímetros. A posición que ocupan as duas, que son as sinaladas cas letras *h* e *i* (véx., pranta da fig. 4), paralela ó eixe da cámara e perpendicular á entrada indican ó noso sentir a esistencia de un corredor de cativa larganza, que debía estar constituído por catro pedras espetadas de can-

to e coberto por unha ou duas laxas das que non podemos atopar vestixios.

Pol-a parte esterior da anta óllanse ainda os restos esborrallados da mámoa e polo interior pode apreciarse a incrinazón cara dentro das chantas que non é tan pronunciada como di Murguía, e observarse así mesmo que a cámara está fondamente cavada, por cuia razón e por non contar con autorización do dono do terreo, non realizamos ali ningún traballo esporatorio.

AS ISNCULTURAS DA ANTA.—No esteio sinalado ca letra *f*, da figura 4, e no lugar marcado por un circo, aparez insculturado un sino cruciforme (fig. 5, n.º 1) ensanchado no cabo superior e potenzado nos brazos. A cabeza do sino alcóntrase gravurada na cara da cima da laxa, e o resto na vertical do interior da cámara. Ista estrana disposición, como así mesmo o ancho (2 centímetros), a fondura, patinado e polimento dos riscos, obrígannos a desbotar toda a idea relativa a unha falla de contemporaneidade entre a anta e a inscultura e con más razón a non ver n-ela algo posterior e feito co propósito de cristianizar o dólmen, pois n-istes casos as cruces colócanse sempre en sitios ben visibles como a tampa ou o exterior de algunha das chantas da porta.

Os sinos cruciformes, tidos por unha das derradeiras estilizacions da figura humán, non son polo demais ningunha novedade na arte dolménica. Catro apareceron na terceira chanta da esquerda da galeiría cuberta, conocida co nome de «Cueva de Menga» (Antequera), outra posta por riba de un circo alcóntrase n-unha lousa do dólmen de Corao-Abamia (Asturias), algunas vense no dólmen de Navalito de Lumbreras (Salamanca) e fartura de elas haiñas n-unha das tumbas da galeiría cuberta do Barranc (España, Cataluña). (fig. números, 1 a 4).

Iste xeito de figurazón antropomorfa e tamén corrente nas insculturas rupestres galegas, estando abondosamente representado na Pena Vicos e na Pena do Polvorín, perto da Torre de Hércoles (A Cruña) i-en Viladesuso (Oia. A Guarda fig. 6 núms. 5 a 8,

O ensanchamento do cabo superior do noso cruciforme e o potenzado dos brazos coidamos que deban interpretarse como es-

quema da cabeza e das mans. A indicación de istas derradeiras semella ter sido de un gran valor místico, pois óllase determinada con craridade en figuras estilizadísimas como son por exemplo as descobertas en Orrea (Cuenca) i-en Aldeaquemada (Jaén), debendose de facer notar asimismo que moitos dos sinos de iste tipo de Pena do Polvorín, de Viladesuso e de outras moitas localidades peninsulares (Barranc, Catalufa; Cabezón de la Sal, Santander; Miedes, Guadalajara e Espinho, Beira) están potenzados de maneira imitante ó de Axeitos. (fig. 6, números, 6, 7, 9 e 10).

Outra inscultura aparece moi perto, e soio unha migá mais baixa que a precedente, no esteio marcado na pranta ca letra e. fig. 4




FIG. 5. — INSCULTURAS DA ANTA DE AXEITOS.

gravurada tamén na cara interior. Redúcese (fig. 5, n.º 2) a un risco vertical do que saen por unha soia banda outros dous; un superior, curto e horizontal e outro inferior longo e incrinado cara abaixo.

Non ten ista figura tan abondosos paralelos como a anterior nin ten tampouco unha interpretación tan doada. Sinos imitantes a ela óllanse así e todo nas famosas pracas do dólmen Alvão, en penedas riscadas de un monte de perto da Estrada (Pontevedra), cuyas reproduccións, debidas o lápiz de Campos Sobrino, e de pertenza da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, tivo a xentileza de amostrarnos o ilustrado arqueólogo Sr. Sampedro e no cume do Mont'Alto (Guimaraes). fig. 7, números, 1 a 5).

Podería considerarse ista inscultura da

anta de Axeitos e alguuha das que coela mais craramente se parallelizan como esquemas humanos de tipo itifálico, mais n-ista cuestión das interpretacións compre estremar a prudenza e con dobre motivo n-istes momentos en que as recentes descobertas de Gouzel, admitidas xa por tan outas autoridades como o Abate Breuil e S. Reinach, volven pôr ó dia os discutidos carácteres alfabetiformes de Alvão e ameazan trastornar muitas crenzas consagradas.

Non é a anta de Axeitos, a única da Barbanza, como logo imos ver, nin a única da Galiza que ofrece mostras da arte dolménica. O primeiro megalito da nosa terra onde se ollaron semellantes manifestacións, foi no do monte de Codesás (Melón, Ribadavia) que tiña seis das suas chantas cobertas de trazos pintados en mouro i-en roxo, de significanza moi dudosa. Mais tarde publicou Murguía as insculturas de tres laxas do dólmen de Espiñaredo (Monte Corzán, Terra de Xallas) e derradeiramente P. Bustamanta e Parga Pondal diron a conecer a do dólmen de Dombeite (Laxe) que interpretaron xuntamente cas de Espiñaredo como probables sinos hasciformes. (fig. 8, números, 1 a 11).

No resto da Península as pinturas e gravuras nas tampas e esteios dos megalitos son correntes, e as figuras representadas variadísimas, podéndose citar pra o caso as seguintes:

En Portugal. Na anta de Salles (Terras de Barroso), liñas onduladas pintadas; no dólmen chamado «Pedra dos Mouros» (Belas), insculturas de posibles representacións antropomorfas e coviñas; en antas da Serra da Cota (Beira), pinturas de liñas onduladas e ramiformes e outras figuras de interpretación pouco doada; n-unha laxa da anta de Paredes e n-outra da Candieira (Alemtejo) atopáronse coviñas; n-outra da Orca dos Juncois (Beira), duas figuras antropomorfas e unha zoomorfa pintadas; n-un dólmen de Ferreira (Tras-os-Montes), coviñas soltas e xunguidas por riscos e derradeiramente n-unha das antas de Carrazeda de Alvão as pracas de que xa falamos e algunas esculturas zoomorfas e antropomorfas.

Nas Asturias. No dólmen de Corão - Aba-

mia, unha segura representación do chamado ídolo neolítico, un sino cruciforme e liñas reitas e onduladas, todo elo, insculturado; no dólmen da «Capilla de Santa Cruz», liñas onduladas pintadas en roxo no esteio da cabeceira e outras semellantes insculturadas en compañía de sinos pediformes e forquias n-unha das chantas da direita, e os círcos que presenta unha pedra do dólmen de Pola de Allande.




FIG. 6.—1 e 2.—CUEVA DE MENGA (MERGELINA); 3.—DÓLMEN DE CORAO. ABAMIA (CONDE DE VEGA DEL SELLE); 4.—BARRANC, GALEIRIA COBERTA (PERICOT); 5.—PEÑA VICOS (CABRÉ); 6.—PEÑA DO POLVORÍN (CABRÉ); 7 e 8.—PEÑEDA PRIMEIRA DE VILADESUSO (P. E. JALHAY); 9.—ORREA (CABRÉ); 10.—ALDEAQUEMADA (CABRÉ).

En Cataluña. Na galeiría cuberta do Barranc (Espolla). Estilizazóns humáns moi abondosas insculturadas n-unha das tampas.

No Reino de León. Cruces e coviñas no dólmen de Navalito de Lumbreras (Salamanca).

Na Estremadura. Na anta de falsa cúpula da «Granja de Toñifuelo», pinturas en roxo de catro soles, un sino esteliforme, unha re-

presentación antropomorfa e unha figura indescifrable.

Na Andalucía. Na galeiría cuberta de Soto (Huelva), apareceron mais de doce insculturas, ollándose entre elas; unha do ídolo neolítico, varias antropomorfas, outras que imitan puñais dos tempos do cobre, círcos e coviñas; na tamén galeiría cuberta chamada «Cueva de Menga» (Antequera), descubrironse gravurados catro sinos cruciformes, un soliforme e un esteliforme; no dólme B do «Tajo de las Figuras» (Cádiz), apareceu un esteio con coviñas, n-unha das pedras do calexón de un dólmen de Montefrio (Granada), varios sinos. (1)

Fora da Península son moi dinos de nota os riscados de algúns megalitos bretóns, entre os que citaremos, as espiraes, sinos xuguiformes e hasciformes da galeiría cuberta de Gavr'inis (Morbihan); os escutiformes e hasciformes de Mané-Hroeck (Morbihan); os pediformes, escutiformes, xuguiformes, e pectiniformes dos dólmens de Pierres Plates, Table des Marchands, Mané Lud e Lufang (Morbihan); os sinos escutiformes de un esteio e da cuberta do dólmen de cúpula de L'Ile Longue (comune de Baden) e os hasciformes que se atoparon n-unha chanta do dólmen de Pen-Hape e n-un esteio e na tampa do de Mané-Rutual (Morbihan).

Na Francia do Norte temos nas galeirías cubertas de Aveny, Epone, Bellée e Dampon (Seine et Oise) representazóns mais ou menos esquemáticas do ídolo femenino neolítico e na Francia do Meiodía as figuras do mesmo tipo das sepulturas dolménicas de Collorgues, Castelnau Valence, Foissac e Bragassargues (Gard) e a de unha anta de Maz d'Azais (Aveyron).

Notabilísimos son tamén os triángulos e rombos arringleirados e as espiraes dos dólmens de falsa cúpula de New-Grange e de Long-Grew (Irlanda), e as pedras por completo inzadas de coviñas do megalito de Menaidra (Illa de Malta).

A variedade de tipos na arte dolménica é grande como se ve, i-e grande asimismo a diferenza nas interpretazóns que de cada un

(1) Nota do ilustre profesor James Moreau, que expresou istes dólmens.

de iles se ten feito, habendo á veira de algunhas pouco admisibels como a que puxo en comparanza os semicircos superpostos da galeiria coberta de Gavr'inis cas imprimtas dactilares, outras que a pesar da sua novedade non poden deixar de ser tomadas en conta, como é por eisempro a que fai M. Le Rouzic (1) dos sinos hasciformes e pediformes da Table des Marchands e do dólmen de Mané - er - Hroek, que il coida figurazóns de arados e de campos de trigo alumeados pol-o sol, relazoando iste conxunto co desenvolvo da vida agrícola.

No que se fixou así e todo con mais teima a atenzón dos espezalistas foi nas pinturas e insculturas de tipo antropomorfo. Algunhas de elas como as de Corao - Abamia e Soto, parallelizáronse moi xustamente co ídolo neolítico femenino dos dólmens do Meiodía da Francia e das covas funerarias da cultura do silex, divinidade que aparez no dito círculo cultural, colocada a entrada de aquelas sepulturas coleitivas e que se alcontra ó mesmo tempo esculturada en laxes soltas en Portugal (Crato, Moncorvo, Serra da Boulhosa etc), na Andalucía (Asquerosa, Granada i-en Castela (Villar del Alto, Soria) e moi abondosa en certos departamentos do Meiodía francés (Tarn, Aveyron, Gard).




FIG. 7.—1 e 2.—PORTO DE ESTRADA (COLEI-ZÓN DE D. CASTO SAMPEDRO); 3 e 4.—PRACES DO DÓLMEN DE ALVAO (BRENHA); 5.—MONT'ALTO (MARTINS SORMENTA).

Outras esquematizazóns atopadas nos dólmens teñen sido comparadas con eisemprares idénticos ou moi imitantes da arte rupstre como aconteceu con certas insculturas da «Pedra dos Mouros» (Belas), que foron

parallelizadas cas pictografías do Cachao da Rapa e cas insculturas da Eira dos Mouros (San Xurxo de Sacos, Pontevedra), mais no que andan disconformes os entendidos é na significanza do seu senso místico coincidindo



FIG. 8.—1 a 6.—DÓLMEN DE CODESÁS (VENANCIO MORENO); 7 e 8.—UN ESTEIO DO DÓLMEN DE ESPÍÑEREDO (MURGUÍA); 9 e 10.—EN DOS ESTEIOS DO MESMO DÓLMEN; 11.—DÓLMEN DE DOMBATE (E. BUSTAMANTE Y PARGA PONDAL).

soio en aporlle unha intenzón necrolátrica. Sen referirse somente á arte alcontrada nas antas se non tamén as estazóns que perto de elas se descobren por veces, ten espusto Cabré a sua teoría das danzas funerarias, presididas polo Sol, en que varias mulleres beilan o redor de un home itifálico co coal debían axuntarse denantes carnalmemente pra facer mais doada a reencarnación do espírito do difunto en cuio honor celebrábase a danza. Wernert e Obermaier, falando en xeral das figuras antropomorfas din que son representazóns de devanceiros e Frankowski coida que as que se ollan nos dólmens o mesmo que os ídolos - pracas debían desempeñar un papel semellante o dos dobles exiucios.

Pol-o que toca ó valor cronolóxico das insculturas de Axeitos convén advertir que o proceso de estilización non é de unha absoluta regularidade pra sucesión dos estilos e que tipos naturalistas sobreponense en moitos casos a outros compretamente esquemáticos. Ista circunstancia impidenos intentar ningunha determinanza en col da idade da

FLORENTINO L. CUEVILLAS E
FERMÍN BOUZA BREY

(Continuará)

(1) Z. Le Rouzic Ch Keller. «La Table des Marchands, ses signes sculptés et ceux de la pierre gravée du dolmen de Mané - er - Hroek». Saint-Brieuc: 1927.

POEMAS DE EUXENIO MONTES

A MADAME SARITA ZELMANOWICH, RIBEIRA DE ISTES MEUS VERSOS

A Iúa e o San Andrés

A Iúa viña de volta
do San Andrés de Teixido.
Os arbres eran pandeiros,
rugaban a noite os grilos.

A Iúa viña de volta
do San Andrés de Teixido.
Por atrapala un luceiro
foi, sin folgos, de camiño.

Baixo ponlas de cerdeira
frolereceron os seus bicos.
As cereixas eran novas
e abermelláronse ó oubilos.

Xa chegou o vrán. Xa cantan
os mozos de Vilaríño.
«Lúa chea, Iúa chea,
tí, lúa, vas ter un fillo».

Ay, que a Iúa está preñada,
ay, que está grossa e sin brilo.

Barqueiro de Ribadavia

A noite vai por a ponte,
a estrela dorme no río.
Barqueiro de Ribadavia,
soilo a pena vai contigo.

A noite vai por a ponte,
a estrela dorme no río.
Nas torres de Ribadavia,
pendura o vento o seu niño.

A noite vai por a ponte,
a estrela dorme no río.
Ven a levarme, barqueiro,
deica Castrelo de Miño.

Ven a levarme, barqueiro,
deica Castrelo de Miño.
Levo coroas pra morte,
que morre de choiva e frío.

A noite vai por a ponte,
a estrela dorme no río.
Barqueiro de Rivadavia,
soilo a pena vai contigo.

BIOGRAFÍA DO LIÑO



(CÁNTIGA DE ESPADELADA)

Vinte nascer miudiño,
vinte, mozo, namorar.
Vinte morrer de velliño
e por serche fidel, liño,
ainda te vin enterrar.

Bautizo

Bautizo do liño,
Don Sol é padriño.
¿Quen é a madriña?
E Doña Anduriña,

Brinca a primaveira
e a lúa lueira
baila unha muñeira.

Namoro

O liño ten unha moza,
A moza é unha branca frol.
A branca frol non-o quere,
porque quere o vento mol.

Viva o liño, viva a noiva,
viva o vento, viva o sol.

Morte

Ehí ven o tempo de mazar o liño.
Ehí ven o tempo do liño mazar.
Ehí ven o tempo en que as follas do millo
todas ispidas se queiran bañar.

Ehí ven o tempo en que as noites pe-
[neiren.
bicos e apertas na sua peneira.
Ehí ven o tempo en que leve o río Miño.
lúas ó peito, como unha santeira.

Bailan os fusos
bailan as rocas
e os pés do vento
e as mazarocas.

Bailan as rocas
e as espadelas
e as maus da iauga
e as maus das vellas.

Enterro

O señor liño é morto
—que delor, que delor, que pena—,
o señor liño é morto
levárono a enterrar.

As follas dos amieiros
—que delor, que delor, que pena—,
as follas dos amieiros
por il chorando están.

Responsan como cregos
—que delor, que delor, que pena—,
responsan como cregos
as fontes do lugar.

París, no Sant-Jago do 1927



CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBLICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

(Proseguimento)

Número V

CASTRO MORGADAN OU DE MORGADE

EMPRAZAMENTO. — Na Provincia de Lugo, Concello de Carballedo, Freguesia de Morgade. Erguese n'unha montaña grandeira, de xeito alongado e de abas dondas, situada na divisoria do Barbantiño e mais do Bubal. Domíñanxe dende ela estesos terreos do concello de Carballedo e as chans de Vilamarín e de Amoeiro.

O pequeno lugar de Casro, pertencente á dita freguesia de Morgade que da na banda do leste e dentro xa da área fortificada.

DEFENSAS. — O castro de Morgade ten dous recintos, que en vez de ser concéntricos como sucede en xeneral, afectan unha espezal disposición, que se dexerga mesmo ó ollalo dende lonxe. (fig 1)

O recinto exterior, que abrangue un perímetro considerabel, está constituído por unha muralla, que asegún poímos observar en algúns lugares onde se alcontra meio esborrallada, foi construída con cachote de pedra de grá posto en seco. O pé de ista muralla, que en certos sitios atingue ainda 20 metros de outura, corre un foso con parapeto, escavado en ocasións na penedia do monte. Ista primeira fortificación presenta estesas soluzóns de continuidade, especialmente na banda do leste que é onde se ergue o lugar de Castro.

O recinto interior, está colocado dentro e na extremidade norte do exterior. Achase defendido por unha muralla de costrucción idéntica á denantes descrita, outa de 13'50 metros pol-a parte de dentro e de 15 a 22 pol-a de fora, e arrodeada asimesmo de un foso co seu correspondente parapeto, e que falla soio n-un anaco da banda do leste.

Ista defensa duplicase pol-o sul e triplica-se pol-o norte, noroeste e norleste, onde a muralla e o foso mais estenos, dividese e revirase ata deixar un pasadizo, entre dous o xeito de bastions, que vai bater no parapeto do segundo foso, podendose observar tamén unha migía mais ó leste dous fortes erguemientos da mesma muralla. Coidamos que todos istos accidentes costrutivos debían formar parte da entrada do recinto fortificado, anque non sexa posibel sen unha escabazón coidadosa determinar con certeza o verdadeiro papel que desempeñaban. Os outros portelos que se ollan na pranta adxunta estimamolos como cousa posterior á costrucción do castro e feitos polos labregos para dar paso ós seus carros. Un de iles, o que aparez no sul do recinto interior, foi praticado hai pouco pra facer doadío o carro de pedras labradas, que como logo imos ver abondan ali de maneira extraordinaria.



(FIG. 1)

Na chá que queda entre os dous recintos e pol-a banda do oeste corre unha outa muralla cuio destino non podemos precisar.

MENSURAS.—O recinto interior que é de forma oval mede:

No eixe maior do leste o oeste . . . 73 metros
No eixe pequeno do norte o sul . . . 57 metros

A distancia entre o recinto exterior e a muralla do interior é:

Do sul o norte. 308 metros.

OBSERVAZÓNS. — No recinto interior apareceu, xa vai pra seis anos, atuada a poucos centímetros de fondura unha caixa cadrada, de uns 60 centímetros de lado, feita con pedras pequenas de forma reitangular e ben labradas, e coberta por unha lousa, que presentaba gravurado un sino esteliforme. Contiña ista caixa moitas cinzas e unha vasixa de barro que levou o Sr. Abade das Lamas da Aguada e que nós non podemos ollar.

A descuberta de ista vasixa, puxo a un veciño de Morgade, chamado O Gaiteiro na pista de un tesouro, que precurrou afincadamente cavando ca axuda de varios xornaleiros perto do sitio onde aquela se atopara. Resultado de istes traballos foi o achadego de duas ou trés casarellas, ó parecer reitangulares, e cas paredes feitas con pedras pequeneiras, de cuidada labra e ben escadadas, que formaban paramentos de certa regularidade e moi diferentes dos que adoitan asoellarse n-outras citanias. Istanas pedras tivemos ocasión de ollallas ciscadas á fartura no chan e facendo os valados, que pra separar os eidos, erguense no interior do castro.

Producto tamén das ditas escavazóns, son probabelmente, difrentes anacos de muíños de man, duas prisons do gando (fig. 2) e unha regular cantidade de testos que asegún testimoio de un dos espoliadores, tiñan riscados circos e ringlas de SSS.

No Museu Arqueolóxico de Ourense alcontrase depositada unha *moa manuaria* recollida no Morgade.

É dino de ser notado que a pesar do remeximento de terras non ollaramos en ningures nin unha soia técula e asimesmo o feito de que a estesa área comprendida entre os dous recintos estea por completo inzada de

pedras que polo seu feito amostran proceder de casarellas esborralladas.

Pódese tirar de todo o dito que o castro de Morgade foi en tempos unha citania, probabelmente non romanizada, que compre clasificar pol-as suas dimensons entre as meirandes da Galiza.



(FIG. 2)

FOLK-LORE. — Referindose á grandeza de iste castro e a fartura de costruzóns analogas que esisten perto de il, dise:

Castro Morgadán

Ten vintecinco a sua man
Soio o da Madanela
Lle da pol-a barbadela.

Entre o castro de Morgade e o de Santa Adega hai trés trabes, unha de ouro, outra de prata e outra de alquitrán, que está no meio das duas. O que lle toque a ista derradeira morre abrasado.

Denantes de cavar en precura do tesouro, os veciños de Castro, consultaron o parecer de varias *sabias*. Non coñecemos a totalidade dos seus dictamens, e soio dous nos foron referidos. Todas consultadas estiveron así e todo conformes na esistencia de un grande haber, mais discreparon nos procedimentos que habería que por en praitica pra acadalo.

As duas respuestas por nós coñecidas son as seguintes:

Unha sabia de Alban, Peroxa dixo.

«No Castro de Morgade hai un grande tesouro, mais non se poderá dar co il se non se desencanta a unha moura coxa que alf vive».

E outra sabia de Torbeo, Quiroga ditamou:

«O tesouro do Castro de Morgade é unha trabe de ouro, mais non se poderá atopar se non se desencanta primeiro a unha cobra que vive n'il.

Pra desencantala hai que levar un crego que bote os esorcismos e despoxo cavar deixa atopar a cobra, i-en canto apareza compre bicala na testa co coal o encanto quedará rematado».

—
«Un home chamado o Calote de Casares, era o encargado de andar pedindo pra Irmandade da Virxe de Carballedo e nas suas xeiras, que facía sempre de a cabalo chegaba ata Portugal. De unha vez, estando a botar unha pouxa n-unha taberna de aquil país entrou en conversa con dous señores que lle perguntaron de onde era il. Respondeulle que do concello de Carballedo, na provincia de Lugo i-entón os señores dixerolle se sabía do Castro de Morgade e como il respondera que sí, escramaron. Val mais ise castro que toda a Europa e soio na entrada hai dous xigantes de ouro de nove pés de outo».

—
«Un soldado do país que estivo recentemente prisoero dos rifeños e voltou contando que un de iles o saber que era de perto do Castro de Morgade habialle dito:

De lo mucho que hay allí me contentaba yo con la silla del Rey Moro.

Debemos ista colleita folklórica en parte ó noso ilustrado amigo Arturo Suárez i-en parte ó Gaiteiro, escavador desfuntado do castro.

BIBLIOGRAFÍA.—Citado por Vázquez Núñez e Castillo en locs., cits., no Castro da Martiñá e Baínte.

(Catalogado por Sebastián González García-Paz e por F. L. Cuevillas.)

Número VI

CASTRO DE MARCELLE OU CASTRIÑO DE ORBÁN

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, Concello de Vilamarín, Freguesía de Santa Mariña de Orbán.

Ocupa un outeiro de cota cativa, coberto por un piñeiral e afastado uns 300 metros do lugar de Marcelle.

DEFENSAS.—O único recinto de iste castro, alcóntrase arrodeado por un valado probabelmente de pedra, más que hoxe está por compreto coberto de terra, outo de 2 a 3 metros e ancho de 4, do que sai cara abaixo un terrapré, formado pol-a propia abá do monte e que ten 7 metros de outo en toda a volta, agás na banda que mira o leste, onde chega a atingir 30 metros.

O pé de il vai un foso de 150 metros de ancho e c-unha fondura de 2 e despoxo outro novo foso de 2 metros con 3 de fondura, fornecidos ambos dos seus parapetos que sobresain do chan uns 3 metros.

Istas duas defensas fallan na banda do leste, xa por no ter esistido outrora n-aquil lugar, que pol-o ergueito das abas e forte de seu, xa por terse aplainado ali o terreo.

O recinto cinguido pol-o valado, está como case de cote achairado de intento e presenta una pranta case reitangular cos recantos arredondados.

Non se ollan por ningures indicazóns de portas, notándose soio alguns pequenos portelos que non chegan a fender totalmente o valado.

MENSURAS.—Mede aquil recinto no Lado maior do norte ó sul . . . 75 metros. Lado pequeno do leste ó oeste . . . 58 id.

OBSERVAZÓNS.—Iste castro como o de Frameán presenta a particularidade de ocupar non soio o cume se non todo o outeiro, cuias abas é moi posibel que foran terraprenadas pra facelas mais pinas e cicais revestidas en parte de un muro pra conter as terras.

Non ollamos, nin cachotes, nin téglulas, nin restos cerámicos, mais compre advertir a iste respecto que toda a área castrexia alcóntrase cuberta por un mesto piñeiral e por unha vizosa vexetación de toxos e carpazas.

FOLKLORE.—Fálanos unha vella da freguesía de Orbán cuio nome non recollimos:

«Había n-iste castro duas mozas que iban a todal-as feiras que o día 6 de cada mes houbo en tempos en Orbán. Eran moi bunitas e iban sempre moi ben vestidas, soio que o coiro dos brazos, viaselle todo e ainda

algo mais, e levaban encolagados cada unha a sua carabeliña, de modo e maneira que os mozos ó velas tan xeitosas andaban tollos por elas e os mais arriscados atrevíanse a acompañalas, mais ó chegar ó sitio chamado o Salgueiriño, que está perto do castro, as mozas desparecían sen se saber como e os acompañantes quedaban ca boca aberta.

—
«Un dia chegou a feira do dia 6 en Orbán un señor, e mercoulle unha xugada de bois a un home de Carballedo encargándolle moi-to que lle termara de ela namentres il gobernaba na feira outros asuntos que tiña que gobernar.

O de Carballedo estivo tendo tino dos bois e o señor diu moitas voltas pol-a feira enriba e abaxo, mais conio se fixera tarde o home pediuelle ó señor que o despachara aixiña porque xa emprincipiaba a empardecer. Paganou o señor a xugada, e ó saber que o vendedor era de Carballedo díxolle que xa que levaban o mesmo camiño podía axudarlle a traguer os bois.

Foron xuntos un anaco e ó chegar ó Salgueiriño o señor petou co pé no chao que se abreu de supeto. Entraron todos pol-o burato e diron en andar por debaixo da terra ata que de pronto o señor diulle o rempuñón ó home e díxolle.

Quédate ahí n-isa esquina.

Dende ela e ben agachado viu como safan aquelas duas mozas (sen dubida as do relato anterior) cos brazos recachados e cada unha co seu coitelo na man. Coidou o home que a sua fin era chegada mais as mozas saltaron n-un dos bois e deseguida o mataron. E despois unha de elas deu en cheirar e díxolle ó pai.

Chérame a carne de *cristianillo* vivo.

O que o pai respondeu.

Non miña filla que é a pan cocido.

E pra o outro día, a saída do sol seica soltaron o de Carballedo sen lle facer nada de novo».

Asegún outra versión o conto ten iste outro remate.

Unha vez baixo da terra o señor dícelle ó home que se estea quedo e meteo n-unha

habitazón moi ben posta e moi luxosa. Os que cheiran a carne de *cristianillo* son os outros mouros e o que foi a feira dilles que quen cheira e il por ter andado entre cristiáns todo o día.

O castro de Marcelle é obra de mouros que tiñan n-il unha aira.


BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Arturo Suárez, Arturo Noguerol, Vicente Risco e Florentino L. Cuevillas.)

Número VII

CASTRO DAS FONTELAS

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, Concello da Peroxa, Freguesia de Armental. Ocupa un outeiro arboreado de piñeiros a 350 metros do lugar das Fontelas.



Albiscase dende il a mesma paisaxe que dende o castro de Mugariza, dexergándose soio de mais perto o val do Miño e as terras do concello de Coles.

DEFENSAS—A prataforma que remata o outeiro está toda ela aplanada de intento e arrodeada por un valado, ó parecer de terra, de 2 a 3 metros de outo. Por baixo de il seguen as abas terraprenadas do outei-



A MEU TÍO, QUIXERON-O ROUBAR

Meu tío, o vello mariño, antes de escrutar a falar, arrombou a manta arredor das suas pernas tolleitas pol-o reuma.

— A mañán estaba fría—dixo—e determinéi esculcar un estabrecimiento onde catar unha taza de café ben quente que me aloumíñase o bandullo. Na volta d'unha rua, ollej un letreiro en que se lia: «Un litro de bo café, por dez céntimos».

— ¡Que baratural!—dixen pra min. E sin agardar mais, entrei no local. Acouguei pé d'unha mesiña, e dei unha palmada que resóou na estancia, deserta a aquela hora da mañán. Apareceu un camareiro, sin afeitar e sin cuello.

— Un litro de café—dixen fregando unha man contra a outra, pra entrar en calor.

— ¿Frio, ou quente?—preguntou él.

— ¡Fervendo, se pode ser!

— Entón, costarálle corenta céntimos mais. A «Empresa» da o café frio. O quental-o é á conta do que o toma.

Aquello desconcertoume un pouco. Pero como a mañán estaba fría e un tíña antoxo de café quente, non reparei n'aqueles céntimos.

— Boeno, pagarei o que sexa.

O camareiro non se moveu. Ficou ollando pra min, arrombando un pouco nervioso o pano branco que se lle ataba á cintura.

— ¿E vostede—dixo ó fin—trai en que tomallo?

— ¿Como?

— Digo si vostede trai cunca en que tomar o café, porque a «Empresa» non fai mais que proporcionar o líquido.

— É a primeira vez na miña vida—contestei asombrado — que me pasa cousa semeillante.

— Non se preocupe. Se non trai perfia,

pódeselle alquilar aquí unha. Non custa mais que douceiros.

Anque aquello me parecía unha bulra, non me quisen privar do café.

— ¡Tráiamelo logo, unha cunca!

Cando maxinei que iba a fuxir en busca d'ela disparoume outra preguntiña.

— ¿Quere o café con azucré, ou sin él?

— ¡Home, eso non se pregunta! Farei o que me pareza—contestei, noxento xa por tanta parola.

— Advírtollo, porque a «Empresa», non dá azucré co café. Se o quere, ten-o que mercar á parte.

— ¿Canto custa o azucré?

— Non se vende menos d'un kilo...

— ¡Pero esto é un roubo!

O camareiro rascou a barba e encolleuse de hombros como decindo: ¡E verdá, si señor!

Estaba tan enfadado que quisen saber hastra onde chegaba o cinismo d'aquela «Empresa».

— ¡Veña, entón, un kilo de azucré!

— É obrigado tomar unha copiña de calquera cousa.

— ¡Trai-a do que lle dea a gana!

En vez de marchar, meteu a man na alxibeira, e sacou un talonario.

— Pra poder servirlle, é preciso que vostede de merque cinco rifas d'un carneiro, a beneficio do «Montepio de camareiros diabéticos». É unha obra de civismo e de bó corazón. Non custa mais que unha peseta cada una.

Boteime a rir, con risa sarcástica. Poida que estivese amoratado coa caraxe.

— ¡Boeno, supóna vostede que lle merco as rifas! ¿E dimpois? ¿Servirame o café?

— Teráse que limpar as botas... É obrigado.

—Nada mais?

—Os Estatutos da «Empresa» sinalan como forzosa a propina ó camareiro, ó mozo da cocifa, e ó sereno.

—Rematou xa?

—E por último, é tamén a conta do parroquiano o Timbre do Estado.

Como non era cousa de se deixar timar dunha maneira tan descarada, renunciei á quentura do café. Xa atoparía outro establecemento que non estivese rexido por unha «Empresa» tan sin entrañas.

Vaia, meu amigo—dixen sorrido ó tempo que me erguía pra saír—hastra outra. Non quero café.

—Agarde un instantiño.

E descolgando un marco que pendía da parede, púxome diante dos ollos. Decía: Aviso. A «Empresa» eisixirá a indemnización establecida nos Regamentos a todo o que acougue n'este salón e pretenda saír sin facer ningún gasto:

Fiquei aparvado, sin saber que decir. Iba a ser roubado, sin poder chamar na miña axuda a un policía, nin me defender eu, pola miña mau. O sangue bulía dentro de míñ. Xa decidido a todo, ordeille o camareiro:

—Tráiame cen litros de café, a trinta e seis grados de temperatura.

—Perdone vostede. A «Empresa» non permite servir mais d'un litro por consumación. En canto a temperatura, pódesele comprar, abonando os gastos.

—¡Boeno, pois traia entón o que queira a «Empresa»!

—¡Ai, eso, non señor! A «Empresa» non está mais que a servir e compracer ó parroquiano.

—Si, si, xa vexo.

Deixarse roubar d'aquela maneira tan ridícula, era vergonxento. Pol-o meu maxín cruzano asobiando coma lóstregos algunas ideas terroríficas. A ollada do camareiro chea de humildade e sumisión, fixome sentir por él, certa lástima. Tamén estaba baixo as poutas mouras d'aquela «Empresa»... Maxinei en sobornalo.

—Escoite unha cousa—dixenlle con voz chea de agarimo—¿Que lle parece a vostede, si en vez de tomar café, lle metese na man unha propinifía?

—Non me parece mal—contestou sorrindo.

Respirei satisfeito de que a cousa se solucionase tan axiña. Esculquei no peto unha peza de duas pesetas, e deilla. Aquel bo home, desfaciase en manifestacións de agraciamiento. Botou man do meu sombreiro, limpouelle o polvo e hastra mo puxo na cabeza. Abreume a porta pra que saise.

—O caso—dixenlle chiscando un ollo, con un pexa fora—é que a «Empresa» se lle non entere...

—Non entera, non, señor. Porque a «Empresa» son eu.

MAGARIÑOS NEGREIRA.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

ANTÓN ZAPATA GARCÍA

FAI vinte e tres anos que deixou as Costas de Laxe, cara as terras de América. Foi só ao que van todos: A traballar, a facer fortuna, a conocer novas terras pra satisfacer o seu espírito aventureiro de mariñán galego. En América, ao contacto coas inquietudes de todal-as razas que ali chegan sinteuse internacionalista. Os postulados sociolóxicos mais destemidos, tuvéreron-o por amigo. E téneno ainda oxe. Ao conxunto da lembranza, sintiuse poeta. Ainda más; poe-

ta galego. E cantou forte e outamente, na lengoa vernácula da sua terra. A sua cántiga percorreu xornaes e revistas nosas. Na hucha dos tesouros garda moitas e moi belidas. Os leitores de NÓS poden saborear oxe unha d'elas, que nos facilita un dilecto amigo.

Zapata García é, ademais, un galeguista afervoador. Canta e fala galego aos 23 anos d'ausencia da Terra, e nas horas de fonda lembranza, de lene saudade, le un libro que el chama Biblia galega: «Os Queixumes dos pinos» do bardo inmorrente.

ULYSSES

Na *Gaceta Literaria* de Madrid, de 1.º de Novembro d'iste ano de 1927, publicase, baixodarúbrica de *La nueva literatura inglesa*, un artigo d'Ivan Goll en col de James Joyce, e seguidamente unha tradución castelán d'uns anaquitos pequenos do *Ulysses*, feita por E. G. C. (Giménez Caballero, supomos). Esta tradución leva unha nota previa que di asina:

«Damos a continuación unos fragmentos del Ulises, traducción primera en España, según creemos, de este espléndido libro».

Os leitores de NÓS saben, e os homes do *meridiano* iforán pol-o visto, que n-iste noso boletín, e no seu número 32, de 15 d'Agosto do pasado ano 1926, publicáronse traducidos directamente do inglés ó galego por Ramón Otero Pedrayo, uns anacos dos mais característicos da novela de Joyce, qu'ocupaban nove páxinas. Un traballo informativo biográfico e bibliográfico detallado en col de Joyce, formando parte dos estudos sobre *A moderna literatura Irlandesa*, de Vicente Risco, no número 28 de NÓS, de 15 de Maio de 1926, tamén descoñecido, crar'está, no *meridiano*.

A non ser qu'iles pensen qu'estas traduccions e estudos de Joyce, feitos en Galiza e en léngua galega, non foron feitos na Hespanha.

E crar'está que non-o foron na Hespanha estreita, unilateral e pequena que se rixe pol-o meridiano consabido...

EL CASTELLANO EN GALICIA,
NOTAS Y OBSERVACIONES,
COTARELO Y VALLEDOR ARMANDO,
Madrid, 1927.

MAL andamos ó presente de estudos filológicos e lingüísticos do noso idioma galego. E anque é de confiar no xurdimento de especialistas, como n-outros sectores científicos socede, non por eso leixaremos de laiarnos de que ainda non se anunzase tal aparição.

Moito antes de que a Academia da lingua española elexise pra representar a Galiza no seu seo o Sr. Cotarelo xa tiña él levado a sua inquietude pol-as cousas galegas á dita corporación, pois o traballo que comentamos — separata do Boletín de aquél centro — foi escrito vai pra doce anos nada menos.

D. Armando, como lle chaman todos os que foron seus alumnos, que apesar de ser mozo de corpo e de espírito ten unha laboura farturenta, emprincipia por estudar n-esta nova aportación un aspeito do mapa lingüístico de Galiza ben interesante pra deslindar

campos e facilitar os estudos sucesivos: o dialecto do castelán que se fala eiqui por certa parte do pobo cas suas construções, os seus modismos e o seu vocabulario, infriudo ou, mais ben, tomado todo elo do idioma galego con quen convive. O que Alvarez Jiménez consideraba como *defectos de linguaxe*, aparece eiqui no seu propio valor, como unha forma dialectal característica. Todo o que non sexa o que se espón n-este traballo, producto de unha longa convivenza no país, é, dentro de Galiza, galego enxebre.

Así queda libre xa o camiño pra o futuro investigador. Así D. Armando contribuie á formazón ou fixazón da nosa propia concencia e así se fai acreedor ó noso reconocimento.

M. T.

ESTEBO, novela, por Xosé LESTA
Meis, Cruña, Lar, 1927.

Xosé Lesta Meis, xornalista aitivo, facundo, d'accento rebelde e ideias xenerosas, colaborador de moitos xornaes de Galiza e América, tiña publicado na colección pequena de «Lars», unha noveliña, *Manech o da Rua*, da que demos conta ó seu tempo, e que forá moi ben acollida pol-a críteca e pol-o público. Recolleu o autor de *Manech o da Rua*, moitas loubanzas. D'aquela algúen lajouse de qu'estas publicacións de pequenas novelas, afogaban o xérnolo d'assuntos que desenrolados sen limitación d'espazo, poderían dar novelas grandes das qu'a literatura galega tanto precisa pr'o seu espallamento. Púñase coma caso tipo o de *Manech o da Rua*. Pois ben: eiqui témol-a cousa compensada e remediada. O xérnolo de *Manech o da Rua*, desenrolado en forma, en prena liberdade, sen limitación de páxinas, velequí está no *Estebo*, co-a mesma ideia inicial, anque c'un desenvolvemento moito mais ricaz e cheo d'incidencias que lle dan nova vida.

Novela da vida diaria, vivida en gran parte, con observacións atinadas co-a vida da aldeia pintada ata nos seus detalles miudos — hai quen pensa que a minuciosidade é a calidade principal do novelista — co-a vida interna dos emigrantes galegos en Cuba referida tamén de viso, o que lle dá un valor documental á novela, pois si esa vida nos é ben coñecida, é o por tradición oral, e non porque d'ela se teña escrito d'abondo con verda. É o que acontece: a emigración ten unha visión lírica (en Rosalla, en Curros) e unha visión oficial que poidéramos dicir, nas publicacións galegas d'América. Non foi abordada ainda de cheo na realidade interna mais que n-esta novela, onde o que se fai é

describir. As *Almas mortas* do Villar Ponte, é outra cousa, é unha obra tése, e unha teoría persoal, anque seña compartida por moitos, é un xuízo ético, e ademais refírese mais especialmente ós que volven, ós importadores do d'álá.

Estebo ten tamén a sua tése, mais intema e menos social qu'a d'*Almas mortas*, e é a novela inteira mais impersonal, mais ouxetiva que o drama de Vilar Ponte, residindo o seu principal intrés n-iste punto da emigración, no que nos dí dos qu'están alá.

LA PROVINCIA DE ORENSE, por
ALVARO MARÍA DE LAS CASAS,
Madrid, 1927.

CONFRENCE pol-o noso distinto colaborador na Real Sociedade Xeográfica de Madrid, editada pol-a mesma douta corporación, coma separata do seu Boletín, e ilustrada con moi boas fotografías en coor sepia.

É unha breve e sustanciosa síntese, feita no xeito d'itinerario de viaxeiro preconizado pol-o ilustre Sr. Beltrán e Rózpide, alma d'aquela Sociedade, e de quen podemos considerar discípulo n-estas cousas ó Sr. Las Casas. Os mais importantes accidentes xeográficos, os mais belos moimentos, os lugares históricos, son mencionados e descritos con arte pol-o autor e adubados con numerosas notas literarias e folk-lóricas e alusións a diversos traballos nos que o leitor pode documentarse. É unha proba mais da labiosidade incansábele do noso querido compañeiro.

REVISTAS

SEARA NOVA, número 104
Agosto, 1927.

SUMARIO: *Eu sou um homem de bem*, por Raul Brandão.—*A propósito da reforma do ensino secundário*, por José de Magalhães.—*Portugal e o domínio aéreo do Atlântico*, por Sarmento de Beires.—*A questão do turismo. Uma capa a cobrir interesses e vaidades*, por Emilio Costa.—*Páginas para serem meditadas. Sobre a educação das mulheres*, por L. A. Verney.

Número 105, Setembro 1927.

Sumario: *Ainda o inquérito ao ensino secundário*, por José de Magalhães.—*União internacional de socorros*, por Raul de Miranda.—*Livros: Valery Larbaud, «Cadenas»* por Câmara Reys.—*A questão do turismo. A propaganda é indispensável*, por

Emilio Costa. *Mavio de franté*, por Manoel Mendes.—*Notas e comentários*, por C. R. e M. M.—*Pró-política*, por Oliveira Martins. Ilustrações de Nobre e Migueis,

BOLETÍN DE LA REAL ACADEMIA
GALLEGA, 1.º Agosto, 1927.

SUMARIO: *Una ara pagana cristianizada*, (conclusión) por Celestino García Romero. *Puentedeume y su comarca* (continuación) por A. Couceiro Freixomil.—Prehistoria gallega. *Hachas de bronce de talón*, (continuación) por Angel del Castillo.—Sección Oficial: Junta Ordinaria de 29 de Agosto 1927; Junto extraordinaria privada de 30 de Agosto de 1927 (recepción del electo don Julio Davila); Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega en la Habana; Nueva Junta Directiva: Monumento a Curros Enríquez (con dos láminas); Celebración del concurso de proyectos.—Noticias; *Los descubrimientos de Santa Eulalia de Bóveda* (con dos grabados); *Una inscripción del siglo IX* (con un grabado), por Angel del Castillo.

Ó faguermos a reseña do número anterior d'iste boletín, sin tempo pra unha leitura detida de todolos traballos que n-il viñan, dixemos que o trabalho do noso colaborador Sr. Couceiro Freixomil, *Puentedeume y su comarca*, fora publicado outrora en *El Diario de Orense*. A noticia é inexauta. O señor Couceiro publicou efectivamente n-aquel xornal un traballo en col do mesmo asunto, mais que somentes contiña a iniciación do estudo qu'agora publica por inteiro e pol-o tanto compretamente inédito, xa que o publicado ali, traballo de vulgarización, era outra cousa por completo diferente.

BIBLOS (rev. da Faculdade de letras da Universidade de Coimbra), 1927, vol. III, ns. 4 e 5, Abril e Maio.

SUMARIO: Dr. Antonio de Vasconcelos, *Origem histórica da palavra «Endeuengas»*. Dr. Mendes dos Remedios, *Os judeus portugueses através de alguns documentos literários*.—Dr. J. de Providencia Costa, *O trocadilho en Cambes e a sua interpretação por G. Storch*.—Dr. João Pôrto, *A tuberculose em Coimbra no último quarto do século*.—Mario Brandão, *Contribuições para a história da Universidade de Coimbra*.—Manuel Lopes de Almeida, *Trabalhos de alunos*.—Ernesto Donato, *«Os Reservados» da Biblioteca da Universidade*.—Varia.

Prós orientadores do teatro galego, merez consulta a recensión da conferencia feita en

Coimbra pol-o Prof. Petersen de Berlin en col de Schiller e B. Shaw e a sua técnica teatral.

Vol. III, ns. 6 e 7, Junho e Julho, 1927.

Sumario: Dr. Conte Bégon, *L'art préhistorique est d'origem magique*. Dr. Mendes dos Remedios, *A Consolação das tribulações de Usque*. Joaquim de Silveira, *Sobre o nome «Camoës»*. — Dr. M. Gonçalves Cerejeira, *A noite de 10 séculos*. — Dr. J. da Providência Costa, *O trocadilho em Camões e a sua interpretação por G. Storck*. — Varia.

O problema da *ascendência galega de Camões* é tratado por Joaquim da Silveira, o qual senta as seguintes conclusões: 1.º Os apelidos *Camanho* e *Camões* son histórica e foneticamente diversos de *Camões*. *Camões* non deriva pois de *Caamaño*, coma pretendera D. Uxío Carré Aldao nun erudito traballo. — 2.º Non houbo en Fisterra ningún *castelo de Camões*, donde viñera o apellido. Tal castelo foi inventado pol-o P. Román de la Higuera, no seu falso *Cronicon de Flavio Dextro*, e Faria e Sousa supuxo que tal castelo fora fundado polos gregos, que lle puxeran o nome de *Cadmon*. — 3.º O apellido *Camões* é d'orige galega, e 4.º foi levado a Portugal por Vasco Peres de Camoens, fidalgo galego que tiña solar no Val Miñor, e que sendo partidario de D. Pedro o Cruel, cando iste foi morto, foi con Sucedido Yanes de Parada e Paio Rodriguez Mariño e outros, prestar homaxe a D. Fernando I de Portugal, que lle deu terras. — 5.º O apellido *Camões* veu da freguesia de Sta. Oláia de *Camões*, no Val Miñor. — 6.º O topónimo *Camões* veu do plural do nome da ave chamada *Camón* (*xénero porphyrio*). — 7.º O troque da silaba tónica do antigo *camós* ó moderno *camões* pode vir do uso proclíteco en *Camões de Miñor*.

A ÁGUA, órgão da Renascença Portuguesa, Porto, vol. X, 3.ª serie, Abril a Junho 1927.

SUMARIO: *O romance da Níbia que amou a Neve*, por Luis Veiga. — *O Nativismo Romano*, por Agostinho da Silva. — *O princípio da relatividade restrita*, por Leonardo Coimbra. — *O lirismo de Camões*, por Hernani Cidade. — *Uma tese de Bergson sobre o Risso*, por José Sant'Anna Dionisio. — *Nota filológica sobre a palavra «Nojo»*, por Agostinho da Silva. — *As línguas germânicas e o ensino superior*, por Luis Cardim. — *Otonal* (verso), por Alcinda de Carvalho. — *Fogo morto* (verso), por Antonio de Oliveira. — *Estudo para o quadro «A Feira de Visen»*

NÓS

(deseño), por Joaquim Lopes. — *Notas e Comentários*. — *Bibliografia*.

O Sr. Agostinho da Silva deriva *noxo* de *noxento*, e iste de *nauseentus*, n'esta forma: *ndusea* deu *nauseentus*. Ora, fonéticamente, *s* mais *iod* = *j* (*x* *noxo*), pol-o que *nauseentus* deu *noxento*, mais *noxento* supón *noxo*, coma *sebento* supón *sebo*; *noxo*, pois, formouse por analoxia, e de *noxo* derivou *enojo*.

Notícias dos livros: *S. Francisco de Assis e Notas sobre a abstracção científica e o silogismo*, de Leonardo Coimbra; *As ilhas desconhecidas*, de Raul Brandão; *Verbo humilde*, de Alípio Rama; *Jornal dum expectador* de Guedes de Oliveira, e outros de fora de Portugal.

O INSTITUTO, Coimbra, vol. 74.º
4.ª serie, volume 1.º 1927.

ESTE número veu adicado inteiro en homaxe ó insine Profesor Dr. Luciano Pereira da Silva, que honrou a gloriosa escola coimbricense profesando cálculo diferencial e integral e Mecânica celeste, e á cencia portuguesa cos seus maxistrás estudos históricos en col das coñecencias matemáticas, astronómicas e náuticas en Portugal no tempo das Descubertas, especialmente na sua *Astronomía dos Lusiadas*. NÓS ocupouse hai tempo da colaboración do Dr. Pereira da Silva na *Historia da colonización portuguesa do Brasil*. N-iste número da ilustre revista de Coimbra, colaboran F. M. da Costa Lobo, H. Teixeira Bastos, Joaquim Bensaude, Alberto d'Oliveira, Frederico Dom, João Gráve, Pedro de Novo y F. Chicarro, Agostinho de Campos, Joaquim Costas, Pedro de Azevedo, Manoel Ramos, L. de Figueiredo da Guerra, Eugenio de Castro, José Maria Rodríguez, Franz Hümmenich, Antonio Barboza, Carlos Pereyra, Manuel da Silva Gais e J. de Carvalho.

L'AMIC DE LES ARTS,
Sitges, 31 Juliol, 1927.

SUMARIO: *Butlletí. Segon centenari de l'actual església de Santa Maria del Vinyet*. — *La literatura. Vindrà més tard demà*, por J. V. Foir. — *Sant Sebastià*, por Salvador Dalí. — *La complanta dels gossos*, do Conde de Leanticmont, traducción de J. V. Fair. — *El pescador d'images*, poema de Sebastià Sánchez Juan. — *Panorama. Jardins de Sant Pol, d'en Pere Coromines i Cançones de F. García Lorca*, Informacions literaries, por Lluís Montanya. — *Les Arts. Una exposició i un decorat*, por Sebastià Gasch. — *La Vile*, por Emerenciana Roig.

A estética de Salvador Dalí presentada por él mismo (*Sant Sebastián*). Cántigas populares rusas (*Informaciones literarias*). Novas do Felibrismo (*Id.*). Gravuras representando a fachada de Sta. María del Vinyet asegurado o proiecto de J. F. Ráfols; a imaxe de Sta. María de Queralt; retrato de López Picó por Rafael Benet; barcos de Sitges e *Apoteosis*, gravura en buxo de Francesc Canyelles.

Coma de cote, unha audacia contida e un fondo senso clásico, n'esta revista de ton ergueito e sempre ó día.

Sitges, 31 Agost, 1927.

Número adicado á festa do Patron de Sitges, contendo vinte páxinas de mesta leitura e gravuras. Comenza co prólogo que o Dr. J. Mössinger puxo ó seu libro *Vita et martyrium sancti Bartholomae apostoli*, Salzburg 1876. Sigue: *Krtu*, por J. V. Foix. — *Notes per a la biografia de Joaquín Folguera*, por J. M. López-Picó. — *El sermó del foc*, traducción de T. S. Elliot. — *El «Diari de Raskolnikov» de Dostoevski*. — *El centenari de la mort de William Blake*. — *Panorana*, por Lluís Montanya. — *En memoria de Cristófor de Domenech*, por Ramón Planes. — *Les arts. Reflexions* por Salvador Dalí. — *Comentaris* por Sebastià Gasch. — *Cop d'ull sobre l'evolució de l'art modern*, por M. A. Casenyes. — *La Vila. Adolf Farnoli a Sitges* por Domenec Forment. — *Documents per a la historia de Sitges* por Pau Farret i Raventós. — *La pintura medieval a Sitges* por Josep Carbonell. — *L'antic retaule de Santa Maria* por Carolina Benapres.

EUSK-IKASKUNTZA'REN DEIA
(Bol. da Sociedade d'Estudos Vascos) IX Urtea, 33 Zenbakia.
Ano 1927.

SUMARIO: Sesión de la Junta Permanente del dia 22 de Diciembre de 1926. Comisión de la Exposición de las Guerras civiles. — Eusko-Ikaskuntza'ren Uda Ikastaria. Eginkizun Gurena. — K. O. — 36.ª lista de socios. — Acción de la Sociedad. — Un retrato de D. Carmelo de Echegaray para la Sociedad. — Naskaldia. — Idazti Berriak.

34 Zenbakia, ano 1927.

Sumario: Sesión de la Junta Permanente del dia 28 de Febrero de 1927. — Comité de la Exposición de las Guerras civiles. — Uda Ikastaria. Mami Gozoena. — Jeme. — Crónica de los cursos de Verano. — 37.ª lista de socios. — Nota de Tesorería. Estado de Ingresos y Gastos. — Acción de la Sociedad. — 2.ª lista de suscriptores para regalar el retrato de D. Carmelo de Echegaray a la Sociedad. — Tomos sueltos de la Revista. — Naskaldia. — Idazti Berriak.

Temos que salientar: a propaganda da lingua basca, pr'a que hai criadas varias cadeiras, unha que ven funcionando no Ateneo de Madrid, outra na sociedade *Euskalerria* de Montevideo, outra criada pola Sociedade *Euskeraren Adiskideak*, de Pamplona, etc. Os Cursos de Vran, que no ano pasado, foron: un de lingua basca, a cargo do Sr. Escalera Maidagán; outro de antropología, pol-o Sr. Aranzadi; outro de historia basca, pol-o Sr. Estayo; outro d'arte basca, pol-o Sr. Apaiz; outro de folk-lore, pol-o Sr. Barandiarán; outro de derecho tradicional, pol-o Sr. Echegaray; e outro de bibliografía, pol-o Sr. Allende-Salazar. Conferencias dos señores Bosch Gimpera, Herrero-García, Mugica, Irigoyen, etc.

Na sección derradeira dase noticia de todos os libros, brochuras, artigos de revista ou xornal que teñan relación coa cultura basca e que chegan á colección da Sociedade.

EUSKO-FOLK-LORE Materiales y cuestionarios, Julio 1926.
Enero 1927.

PUBLICA estas follas a Sección de Etnografía da Sociedade d'Estudios Bascos *Eusko-Ikaskuntza* da que está encarregado o sabio folklorista D. José Miguel de Barandiaran, e sirve tamén de propaganda, de recoleita de materiais e de cuestionario.

As que reseñamos conteñen leendas referentes ás eirexas rurales e ás imaxens que nelas se veneran. D'ellas sacamos como material de comparanza o seguinte:

Eirexas que din foron feitas polos xentis (Oyarteun, a Virxe da Visitación de Zumárraga, Elgeta, Xemein, San Miguel e Aitribar Andria en Urdiain, Ataun, Ondárroa, Elantxobe, Muxika, Opakoa, Zurbano, Oñate).

Emprego de carracas *Kalaka* e trécolas en Semana Santa.

Torre que medra, en Dordoniz.

Rapaz que cai d'unha torre salvado pola Virxe (Valpuestas).

Tocais sinos ou campás contrarios tronos (Oyarem, Plazencia, Catedral de Vitoria), contrarios males da cabeza (Ondárroa, Gaztelugatx, Vitoriano), ou contrarios mordedelas dos lagartos, que non se soltan de un cando morden, mais que cando sonan os sinos de varias eirexas (3, 7, 14).

Voltas arredor das eirexas, que ás vega-das curan as doenças e outras, a que as dá convirtense en bruxa (Berastegui) ou vai ó inferno (Oñate) ou aparécenselle os difuntos (Zarane).

Nenos non bautizados enterrados no eixido da casa, adentro do que colle o saledizo do tellado (Kortezubi, Errigoiti, Oyarzun, Beniataua, Motriko, Mendaro, etc.)

Procesión das ánimas o día de difuntos (Sáseta, Bujanda).

Imaxes que surten de noite da eirexa (Virxe d'Aranzazu, de Andárroa, etc.)

Imaxes da Virxe que son irmás (a d'Onárroa ten 4, a de Otxagabia 2 etc.)

Imaxes metidas na y-auga ou salpicadas contra a seca (Alsasua, Astigarraga, Ataun, Aya, etc.)

Imaxes que volven ó sitio onde apareceron ó principio (San Vitores de Couro que volve a Cerezo.)

BULLETÍN DU MUSÉE BASQUE,
Bayonne, ns. 1-2 Quatrième
année, 1927.

INTRÉSANTÍSIMO boletín, onde acada principal espazo o estudo etnográfico e folklorico do país basco francés.

Sumario: Urbero, *Un manuscrit de P. J. Toulet*.—Louis Colas, *En 14... ou 19... (A propos d'un dessin de Jacques le Tanneur)*.—Violet Alford, *The Padotow Hobby Horse*.—Dr. Constantin, *Les Dances spéciales au Pays de Soule*.—Louis Dassance, *Les vieilles Danses Labourdines*.—Joseph Nogaret, *Napoléon I à Chérante*.—W. Boissel, *La vie du Musée Basque. Décembre 1926-Juin 1927*.—A. B.—*La seddition de Bayonne*.—*Les Fêtes pour le Musée Basque, Avril 1927. Programme*.—*Le Livre d'Or*.

FOTOGRAVADO

Si ten intrés en que os seus fotografiados sexan os mais perfeitos posibles, convene envialos aos

**Talleres de fotografiado
ESPASA-CALPE S. A.
Ríos Rosas, 24-Apartado, 547
MADRID**

Este nome xa é por si unha garantía, pois son os talleres mais modernos e organizados para realizar na sua máxima perfección toda crás de fotografiados en cinc, cobre; tricomias, cuatromias, etc... O seu servicio é extra-rápido.

As suas obras son perfeitas.

Iste número é d'un intrés ben grande para nos polos estudos que trai das danzas populares bascas e a referencia a outras ingresas que figuraron na festa do Museu Basco. Antrás danzas souletinas descritas polo doctor Constantin, intrésanos moito pra comparanza coas nosas a *Danse des bastons*, imitante ás palitos, e a *Mascarade*, imitante ás comparsas asturianas de *Sidros*, *Guerreros*, *Zamanones*, estudadas por Vigil e Uria, e ás que responden aquí os *Irrios*, *Cigarrós*, *Felos*, *Munieños*, etc. Antrás labourdinas, compre chamar a atención en colos vestidos dos *besta-goni* e dos *Kachkarot*, istes derradeiros igual os nosos danzantes d'espadas e arcos. Tamén ten notiza das *danzas d'espadas* na Ingraterra, *d'arcos* en Guipúzcoa, etc., e unha confraría de Violet Alford, onde hai novas do *Maio* en toda Europa, na forma que hoxe pratica no Castro de Caldelas.

Na Biblioteca do Museu Basco, cita un libro: *Les chemins de St. Jacques de Compostelle en Poitou*, d'Emile Ginot.

OUTRAS REVISTAS CHEGADAS:

Boletín Oficial de la Sociedad Fomento de Porriño y su distrito, año VI núm. 22, Julio 1927.

Revista del Centro Gallego, Montevideo, Junio, 1927.

El Defensor Gallego, Buenos Aires.

Correo de Galicia, Buenos Aires.

Gutiérrez, Madrid.

Vida Escolar, Lugo.

Boletín del Laboratorio Farmacéutico Nacional, Madrid.

Heraldo de Galicia, Habana.

Imprenta NÓS. Real, 36-1º. A CRUÑA

Apareceron editados por "NÓS"

"Dibuxos en Linoleum"

por Xaime Prada

2'50 pesetas.

e

"Historia Sintética de Galicia"

por Ramón Villar Ponte

5 pesetas.

Pedidos a NÓS, Publicaciones Galegas
e Imprenta, Real, 36-1º A CRUÑA

SANATORIO QUIRURGICO

DIRETORES

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía geral

Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten toda-las condicións precisas.—Prauticase toda crás d'operaciós.—Dotado de todolos adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalaciós de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamiento de Aue-
xites, procesos inflamatórios, reumatismo, etcétera.
Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamiento d'escrofulosis, ra-
quitismo, alopecias, eczemas, etcétera.
Admitense embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cibdade en
casos d'urxencia.—Poden colaboraren todolos compañeiros,
previo consentemento dos diretores.

BODEGAS GAL EGAS, PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE
LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Droguería e Farmacia
LUIS FÁBREGA
Progreso, esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros **RAFIUM**
De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todolos establecim-
ientos do ramo
Andrés Perille-OURENSE

F. ROMAN e SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Augas bicarbonatado-sódicas de
MONDARIZ



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO

Propiedade dos FILLOS de PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20
das estacións de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabreimento está aberto do 1.^o de Mayo a 31 de Outubro